

Sentimento e razón

María Xesús Nogueira

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

NOGUEIRA, MARÍA XESÚS (2011 [2008]). “Sentimento e razón”. *A Nosa Terra*: 1339 (24 de decembro), 22-23. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/724>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

XESÚS NOGUEIRA, MARÍA XESÚS (2008). “Sentimento e razón”. *A Nosa Terra*: 1339 (24 de decembro), 22-23.

* Edición dispoñíbel desde o 3 de maio de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

ISABEL

Rexina Vega

O mércores 17 de decembro Isabel caeu derrubada no medio da rúa. O corazón detívose de súpeto, incapaz de seguir o ritmo intenso co que esta muller, aínda na cincuenta, o castigaba. A saúde de Isabel era fráxil, pero a súa vontade era feroz. Turraba da vida dos seus con coraxe, dos seus fillos aínda novos, da súa neta de meses. Nada foi fácil para ela. A emigración de Lisboa ao rural galego, as parellas fracasadas, a morte do fillo de cinco anos atropelado diante dos seus ollos. E malia as xornadas que comezaban ás seis da mañá, chegaba a miña casa cun sorriso, disposta a axudar, a alegrarse ou a compadeceirse das miñas angueiras. Isabel era unha empregada da limpeza, unha muller exemplar e valiosa que me axudaba a poder ser máis libre na miña vida. Hai máis mulleres coma ela, mulleres que viven na marxe, na precariedade dun traballo apenas recoñecido, soportando humillacións mesquiñas na intimidade dos fogares aos que acoden. Un estatus laboral estraño, que paga decote as frustracións das señoras, os baixos instintos daquelas que, por unhas horas, poden gozar do ilexítimo pracer de mandar noutro ser humano. As empregadas a domicilio non figuran nas demandas de acoso laboral, non fan parte de ningún censo, non teñen voz, pero sen elas boa parte dos que traballamos teríamos que renunciar a moita da nosa ambición profesional. Invisibles, sen dereitos, sen prestixio, negado para elas o luxo da melancolía, estas mulleres adoitan ter unha extraordinaria valentía. Como Isabel, que quentaba o meu corazón co seu sorriso. ●

Invisibles, sen dereitos,
sen prestixio, negado
para elas o luxo
da melancolía”

crítica



Miguel Anxo Murado.

NARRATIVA.

Festa da vida en medio da morte

Fin de século en Palestina

Autor: Miguel Anxo Murado.

Edita: Galaxia.

Miguel Anxo Murado coñeceu de primeira man o que se teceu arredor da Segunda Intifada. Estaba alí, como antes estivo nos Balcáns. Aquela estadia na antiga Iugoslavia dera como froito *Ruído, relatos de guerra* (1995).

Miguel Anxo Murado sabe narrar, sabe canxar nun discurso verbal a estética da vida, a ética e o sentido narrativo. Logra que o ficticio literario pareza tan vivo e o real mesmo extraído da literatura.

Vivir a experiencia palestina marca. Sobre o tema xa falou nun ensaio (Ediciones Oriente, 2006). Agora chega *Fin de século en Palestina* que é a historia novelada da propia experiencia que o levou a vivir varios anos nos territorios ocupados, como Xefe de Relacións Exte-

Tabela das letras. FICCIÓN

- 1 **O xardín das pedras flotantes.** M. Lourenzo. Xerais.
- 2 **Tras do solpor.** Haruki Murakami. Galaxia.
- 3 **A chuva do mundo.** X.M. Pacho Álvarez Galaxia.
- 4 **O neno do pixama a raías.** John Boyne. Factoría K.
- 5 **Lolita.** Vladimir Nabokov. Factoría K.

LIBRARÍAS CONSULTADAS: **Cartabón** (Vigo); **Couceiro** (A Coruña); **Michelena** (Pontevedra); **Pedreira** (Santiago); **Torga** (Ourense); **Central Libreira** (Ferrol); **Andel** (Vigo); **Escolma** (O Carballiño); **Sisargas** (A Coruña).

NON FICCIÓN

- 1 **A corpo aberto.** Manuel Rivas. Xerais.
- 2 **Anti natura.** María Xosé Queizán. Xerais.
- 3 **Fendas abertas.** Carlos Taibo. Xerais.
- 4 **Historia de Ourense.** Marcos Valcárcel. Xerais.
- 5 **Caderno de notas.** J. Marinhas del Valle. A Nosa Terra.



María do Carme Kruckenberg.

riores do Ministerio de Medio Ambiente, e do Ministerio Especial para Belén 2000. Logo, no 2000 abandonou a administración palestina para traballar como correspondente da axencia Europa Press, de Radio France Internacional e como correspondente en Xerusalén do diario *El Mundo*. E velaí, ese é o contido desta novela, obra por certo anterior a *O soño da febre*, pois no remate de *Fin de século en Palestina* expónense as circunstancias que levarán á escrita de *O soño da febre*.

Coñecemos os titulares da batalla dos fusís contra as pedras, dos mísiles, das matanzas indiscriminadas, dos suicidas con bombas, da espiral de violencia... O que non coñecemos, o que só imaxinamos detrás de todo ese dioivo, é a vida. E iso é o que lemos aquí, neste relato autobiográfico, neste *making off* literario. Non se pretende facer ningunha análise do conflito, non é o lugar. Só dar conta dos días nun territorio onde o sentido da vida e o sentido da morte semellan fundidos nun só esquizofrénico. Esa atmosfera acompañará a lectura desde o inicio, é auténtica dona e señora do relato. Dun relato no cal o anecdótico non deixa de estar

presente, nin de ser pertinente porque desde el se nos redimensionan os acontecementos narrados de cara á faciana humanitaria. Non se trata, nunca, dunha colección de anécdotas entre o trágico e o humorístico (que de todo hai). Mais o discurso, a novela, tam pouco foxe dun certo araveturesco, se se quer un tanto desenfadado. Podendo marchar, que é o que te agarra a ese lugar, a ese inferno tan preto do ceo para varias crenzas relixiosas?”

Podendo marchar, que é o que te agarra a ese lugar, a ese inferno tan preto do ceo para varias crenzas relixiosas?”

As? A celebración da vida. Nun ambiente desas características, cada ocasión na que se manifesta a morte representa tamén unha ocasión para a celebración da vida, celebración consciente ou inconsciente. Celebración da vida nun ambiente hostil, cru, que se impón a todo, que é inclusive máis importante que as mesmas persoas-persoas. De feito, van, veñen, escriben, abráianse, traballan e, o máis importante que fan, sobreviven nun ambiente no cal a morte, a crueldade e a inxustiza en cada segundo, no cal a xente (os palestinos, pois as condicións de vida dos israelís son moi outras) non pode deixar de soñar, de manter a ilusión. ●

Xosé M. Eyré

POESÍA.

Sentimento e razón

Os límites do arreguizo

Autora: María do Carme Kruckenberg.

Edita: Espiral Maior, 2008 (48 pp).

A feliz convivencia, no sentido máis literal da palabra, que se está a producir na poesía galega escrita por mulleres pode facernos esquecer a longa e fértil traxectoria de María do Carme Kruckenberg, que tivo os seus inicios nos anos cincuenta do século pasado. A dedicatoria deste libro a outras poetas de xeracións diferentes –no caso que de que tal etiqueta resulte pertinente para a lectura, que non o estudo, da poesía actual– reafirma a súa vontade de se inscribir nunha tradición de escritoras.

Polas razóns mencionadas e polo feito de ter declarado recentemente a súa autora a decisión de pechar o seu ciclo poético, *Os límites do arreguizo* constitúe un verdadeiro testemuño literario que mantén ade- >>>



>>> mais a coherencia cunha obra persoal, escrita á marxe de modas e influencias e, talvez por iso, non abondo recoñecida.

O título do libro anticipa a súa dimensión sensorial e a polaridade que nel se establece entre sentimento e razón, expresada xa nun poema pórtico no que se evidencia o feito de que “a xente xa non se conmove por nada” ao tempo que se denuncia a “violencia inútil”. O desacougo de tales actitudes, leva noutras composicións a renegar dos “enfermos paralíticos de frescura” aos que “nunca os poderei entender. / Nunca, nunca os poderei perdoar”. O libro púsese polo tanto un alento manifestatario en favor da plenitude do sentimento en canto parte irrenunciábel da vida.

O amor, evocado desde diferentes prismas, vertebra *Nos límites do arreguizo*. Por veces, asistimos a imaxes dun erotismo delicado (“eskorregan os sentidos”, “molleime de soños”, “a pel / domina / o solpor / morrendo pouco a pouco de delirio”). No libro hai toda unha reivindicación do erotismo como elemento consubstancial da vida, dado que “todos procedemos / dos mesmos tesouros / que nos regala a natureza”.

A perda do amor, elemento moi presente na obra, é abordada desde a serenidade e a certeza, e leva a voz lírica a formular preguntas sen resposta acerca do lugar a onde foron parar os amores. Non obstante, o vitalismo que se percibe ao longo de todo o libro impide que a poesía asolague na nostalxia: “Foi fermoso, moi fermoso / ter vivido”.

Especialmente suxestiva resulta, ao meu entender, a visión consciente, lúcida e un tanto irónica do amor, desde a que chega a formular verdadeiras sentenzas: “Así deste xeito / traballa a resignación, / indultando a existencia / da nostalxia vulnerábel”.

Os límites do arreguizo é un libro sobrio e de dicción elegan-

te, que pouxa a súa mirada no amor como experiencia vital e, polo tanto, sensorial e íntima, observada por veces coa serenidade que proporciona a distancia. Entorpecen a lectura, é verdade, algúns descoidos no pla-

no lingüístico, que chegan a dificultar nalgún caso a comprensión. Outras desviacións que provocan o estrañamento (colocacións pronominais, o substantivo *grido*) lémolas, no entanto, como trazos do idiolecto da escritora.

Estamos diante dun poemario contido que reflexiona sobre o amor, naturaliza o erotismo e dá conta dunha linguaxe de sentimentos e sensacións: un *eskorregar dos sentidos* capaz de *iluminar os recantos da lóxico establecida*.●

María Xesús Nogueira

LIBROS DE FONDO.

Xesús Manuel Valcárcel ou o calafrío interior

Contos nocturnos

Autor: Xesús Manuel Valcárcel.

Edita: Galaxia.

Na tradición de noso, o relato de medo ou terror ten unha largacía e moi vizosa historia. Os anos oitenta marcaron unha renovación neste subxénero narrativo que, apegado moitas veces a certo arrepiño de xinea oral e popular, avanzou ata se desenvolver en terreos máis experimentais.

Un dos libros decisivo nesa transición foi *Contos nocturnos* de Xesús Manuel Valcárcel, volume que en 1984 recibiu



A voz lírica formula preguntas sen resposta acerca de onde foron parar os amores”

